



ACLARACIÓN SOBRE O USO DE MASCARILLAS NO CRD DE OURENSE

En resposta á consulta realizada pola dirección do centro, procédese a realizar unhas breves aclaracións, seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias en base á evidencia científica dispoñible, sobre o **correcto uso das mascarillas por parte dos traballadores do centro**:

1. No documento **“Guía para unha correcta reincorporación ó posto de traballo no CRD de Ourense”** tralo período de confinamento estricto” establécese:

- Nas zonas comúns será obrigatorio o uso de mascarilla cirúrxica que unha vez no posto de traballo, se se cumpren os requisitos establecidos, poderá retirarse e conservarse de maneira axeitada seguindo as indicacións xerais das autoridades sanitarias para tal fin.
- Respetarase unha distancia de seguridade entre os postos de traballo que se achegue o máximo posible ós 2 metros. (...) Se non son posibles as medidas de distanciamento interpersonal deberase usar permanentemente mascarilla cirúrxica.
- Evitarase o uso compartido de equipos e material de traballo. Cando eso non sexa posible deberase desinfectar os mesmos despois de cada uso.

2. **O tipo de mascarilla que se debe USAR NO CENTRO SON AS CIRÚRXICAS**, mais **PERMÍTESE O USO DE OUTROS TIPOS CON CAPACIDADE DE FILTRACIÓN MAIOR** (ex: FFP2, FFP3) **SEMPRE QUE NON TEÑAN VÁLVULA** (a válvula é un dispositivo polo que sae o aire exhalado sen filtrar polo que se posibilita o esparcemento de patóxenos. Pola contra, non se permite o uso de mascarillas hixiénicas ou outros dispositivos de fabricación artesanal non testados nin homologados.

3. **O centro facilitará ao personal propio do centro mascarillas cirúrxicas, unicamente para o seu uso co CRD.** Non é recomendable como norma xeral que **o persoal do CRD de Ourense decida acudir cunha mascarilla propia. Se eso sucede, deberase procurar que cumpre cos requisitos necesarios así como que está en condicións axeitadas de conservación** para un uso seguro segundo as recomendacións das autoridades sanitarias.

4. **Cando sexa necesario o uso compartido de material ou equipos deberá facerse con mascarilla.** Ademais, antes e despois do uso compartido deberá realizarse hixienización das mans.

5. **Cando non se use a mascarilla deberá gardarse de maneira axeitada**, nun lugar aireado (sen ventilación directa sobre a mascarilla) e no que non se vaia tocar accidentalmente. **No caso de precisar gardala nun envoltorio debe procurarse que sexa de papel/cartón e sempre na mesma posición de forma que a mascarilla contacte sempre coa mesma zona do envoltorio.** Ademais, **non debe dobrarse nin gardarse dentro da roupa nin tampouco en bolsos ou mochilas onde se garden outros obxectos.** Cando se carrexese a mascarilla **na man debe facerse suxeitándoa polas cintas e sen sacudila.**

UNHA MASCARILLA É UN ELEMENTO DE PROTECCIÓN COLECTIVA, PERO MAL USADA ADEMAIS DE SER INEFICAZ PODE SER CONTRAPRODUCENTE.